

Acta de Mesa de Contratación. Apertura/calificación de plicas

Expediente Admón. Electrónica/Gestiona: [nº 492/2018](#)

Licitación do contrato de “INSTALACIÓN DE PRANTA E REDE DUN CENTRO DE PRODUCCIÓN E ABASTECIMENTO ENERXÉTICO” (Orzamento total de **816.587,67** €, financiados nun 80% polo INEGA, e o 20 % restante o municipio. Dentro do programa operativo FEDER-GALICIA 2014-200, conforme o Proxecto “Red de calor “District Heating” con biomasa en Silleda.Fase I”) (Acordo plenario de 6-Abril- 2018).

Na Sala de Sesións de Silleda, sendo as 1100 horas do martes 22 de Maio do 2018, se reúnen os membros da Mesa, para a apertura de plicas.

Asiste un representante da empresa UTE CONSTRUCCIONES M. ESPIÑO MEDANCLI S.L.

Empresas presentadas:

[2018-E-RC-2192](#) . CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL.

[2018-E-RC-2191](#) COVIASSTEC SL

[2018-E-RC-2171](#) UTE CONSTRUCCIONES M. ESPIÑO MEDANCLI S.L.

[2018-E-RC-2153](#) FORESTACION GALICIA SA.

MEMBROS MESA CONTRATACION:

1. Kalus Brey Montaña, 1º Teniente de Alcalde que actúa como Presidente en sustitución do Alcalde Manuel Cuiña Fernández;
2. Manuel Quintáns Queiruga (Secretario da corporación, que tamén dará fe);
3. Leopoldo Moure Dopico, Interventor, que actuarán como vogais.

PREGO DE CONDICIÓN:

A Mesa de Contratación constituirase o quinto día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 11 horas, procederá á apertura dos Sobres «A» e cualificará a documentación administrativa contida nos mesmos.

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días naturais para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsanables observados na documentación presentada. Posteriormente, procederá á apertura e exame dos sobres «C», que conteñen os criterios cuxa ponderación dependen dun xuízo de valor.

Tras a lectura de devanditas proposicións, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas con arranxo aos criterios e ás ponderacións establecidas neste Prego.

Se da por constituída a Mesa coa presenza dos tres membros, sendo substituído o Alcalde polo 1º Tenente de Alcalde. O Secretario procede a apertura do Sobre A, presentándose declaración responsable polos licitadores. Danse por validas as catro.

Seguidamente se abre o Sobre C, acordando a Mesa, previa deliberación, que se emita un informe técnico por parte de Roman Gomez Fraiz, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, para a valoración das mesmas, con arranxo aos criterios, cuxa ponderación dependen dun xuízo de valor, de acordo co disposto na cláusula undécima B do Prego de Condicións (Sobre C), en relación coa Lei de Contratos do Sector Público

A continuación, a Mesa, por asentimento, acorda fixar para o vindeiro luns día 28 de Maio, as 1000 horas, a apertura do sobre C, e a cualificación final da licitación.

Faise público, a traveso do Perfil do Contratante, que o acto de cualificación final da Mesa de Contratación, e proposta ao Pleno da Corporación - que terá lugar o vindeiro xoves 31 de Maio-, se efectuará as **1000 horas do luns 28 de Maio do 2018**.

Silleda a 22 de Maio de 2018.

O SECRETARIO
Manuel Quintans Queiruga
DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE